

Composición histórica

Doc. 1.-Orde do mariscal Murat (2 de maio de 1808):

“Soldados: a poboación de Madrid sublevouse, e chegou ata o asasinato (...). O sangue francés foi vertido; reclama vinganza. Na súa consecuencia mando o seguinte (...):

Art.2. Todos os que foron presos no disturbio e coas armas na man serán arcabuceados (...).

Art.5. Toda xuntanza de máis de oito persoas será considerada coma unha xunta sediciosa (...)

Art.7. Os autores, vendedores ou distribuidores de libelos impresos ou manuscritos provocando a sedición serán considerados coma uns axentes da Inglaterra e arcabuceados”.

Doc. 2.-Proclama da Xunta Central do Principado de Asturias (maio de 1808):

“Asturianos leais e amados compatriotas (...). O Principado, en desempeño daqueles deberes que máis interesan ao home, xa declarou formalmente a guerra a Francia (...). A súa perfidia co noso rei e toda a súa familia, enganándoo para facelo pasar a Francia baixo palabra dun eterno armisticio para encadealos a todos, non ten igual na historia (...). ¡Á arma, á arma, asturianos!”.

Doc. 3.-O militar e político liberal Evaristo San Miguel expón neste escrito (1836) os diversos proxectos dos combatentes contra os franceses:

“De todos os xeitos non é menos certo que a invasión dos franceses foi o principio das nosas diferenzas internas e a guerra da independencia unha especie de guerra civil ao mesmo tempo.

Aos nobres, a dinastía estranxeira éralles odiosa menos polo nova que polos indicios que daba de reformadora. Do lexislador dun pobo onde todo estaba nivelado pola lei da igualdade debía desconfiar moito o privilexio das clases exclusivas. O berro de guerra na súa boca foi a oposición ao espírito innovador que os ameazaba (...).

Os ilustrados eran un número considerable e non podían ter, no seu pronunciamento contra o emperador, só a mira de volver ao Estado anterior. Non era posible (...) que gustasen de volver ao antigo despotismo os que o consideraban como unha das causas dos males que os aflixían. O berro de guerra dirixido contra os franceses tiña tamén por branco os excesos, as desordes que afearan as administracións anteriores”.

Comentario:

Estes tres documentos teñen en común os acontecementos causados pola ocupación francesa da península, que desencadea unha guerra de liberación nacional coñecida na historiografía como Guerra da Independencia española, así como as consecuencias políticas da mesma que entre outras propicia a redacción da primeira constitución española en 1812.

Os dous primeiros textos son documentos históricos que nos van permitir explicar as características da guerra, o terceiro é un documento historiográfico que valora con posterioridade este conflito e interpreta a guerra como unha oportunidade para os liberais españois de impulsar un cambio político radical ademais de loitar contra o inimigo francés. Na súa interpretación chega a dicir que ademais dunha guerra de liberación nacional houbo unha guerra civil, de tipo ideolóxico, entre os absolutistas e os liberais.

Para entender o arranque do primeiro texto debemos contextualizar os feitos.

En 1808 Napoléon, emperador dos franceses, dominaba media Europa, pero atopaba resistencia en Gran Bretaña que ata ese momento estivo animando varias coalicións contra Francia. Despois do fracaso de Trafalgar (1805), Napoléon desbotou a idea de ocupar as illas Británicas e concibiu un novo plan que pasaba por debilitar economicamente a Gran Bretaña, decretando un bloqueo continental aos produtos ingleses e ordenando o peche dos portos europeos. Houbo dous países que se negaron a seguir as ordes de Napoléon, Portugal e os Estados Pontificios. Como castigo o emperador francés proxecta unha invasión de Portugal. As boas relacións de Napoléon coa monarquía española de Carlos IV pola mediación do valido Godoy, que xa viñan dende o Tratado de San Ildefonso, volven a reforzarse coa sinatura do Tratado de Fontainebleau de 1807. Godoy conveceu a Carlos IV para que autorizara o paso por España das tropas francesas acordando tamén o mutuo reparto de Portugal e as súas colonias e a creación dun reino dos Algarves para Godoy.

Este acordo, a influencia de Godoy sobre os reis e a acumulación de poder e títulos por parte do valido xerou un forte resentimento en Fernando VII, fillo de Carlos IV. Temeroso de verse privado da sucesión na coroa foi aglutinando o descontento dunha facción nobiliar, marcándose como obxectivo desprestixiar o valido e conseguir que Carlos IV abdicase no seu nome. As súas intencións foron descubertas no Motín do Escorial.

A partir de 1808 comezou o malestar popular debido a entrada e presenza das tropas francesas en España. Cando Godoy comprende que a ocupación de Portugal implica tamén a ocupación de España decide trasladar a familia real a América como xa o fixera a coroa portuguesa, refuxiada en Brasil. Isto provocou que, en marzo de 1808, tivera lugar o Motín de Aranjuez onde grupos de alborotadores contando có apoio de gardas e grupos de nobres defensores de Fernando VII asaltaron o pazo real e obrigaron a Carlos IV a abdicar no nome do seu fillo, sendo proclamado novo rei de España.

Tras estes sucesos, Carlos IV pediu axuda a Napoleón. Coa excusa de mediar nas disputas familiares reuniu a Carlos IV e Fernando VII en Baiona (Francia), logrando que Fernando VII devolverse o trono ao seu pai quen a súa vez entrega os dereitos dinásticos a Napoleón. A cambio, ambos foron recompensados con cuantiosas posesións, rendas e privilexios en Francia.

Napoleón proclamou como rei de España ao seu irmán Xosé Bonaparte. Para dotar de maior lexitimidade a este acto, Napoleón reúne en Baiona a unha serie de notables españois para que enmenden un texto redactado polo propio Napoleón, o Estatuto de Baiona. Este texto era unha carta outorgada onde o rei recoñecía certa limitación no exercizo do seu poder, concedía determinados dereitos e establecía unha serie de institucións que en ningún caso desprazarían ao rei do centro de todo o sistema. O malestar social xerado por estes acontecementos desencadenou a denominada Guerra de Independencia (1808-1814).

O documento 1 está contextualizado nese momento en que o pobo de Madrid asiste á marcha do resto da familia real camiño de Francia. O levantamento contra a presenza francesa en maio de 1808 foi reprimido con dureza polo mariscal francés Murat. O bando que publica este mariscal reflicte esa dureza: detencións, o peso de acusación de traizón sobre os detidos, toque de queda, fusilamento dos rebeldes. Todo para frear os desordes da capital que impediron que José I se incorporara a súa función como novo monarca.

O exemplo do acontecido en Madrid vai ser seguido noutras partes do país onde se crean Xuntas Locais de defensa de forma espontánea. É o que podemos ver no documento 2 que actúa como chamamento ás armas da Xunta de Defensa de Asturias. Para xustificar a súa rebeldía contra o réxime establecido polo emperador francés expoñen como argumentos o suposto engano de Napoleón á familia real española para facerse co trono español. De composición moi variada, e controladas na maioría dos casos polas élites dominantes, representan unha nova concepción do poder revolucionaria no senso de non recoñecer a España oficial representada por Xosé I. En cada poboación xurdiu una xunta local. Para maior coordinación, as xuntas provinciais formaron a Xunta Suprema Central de España e Indias que exerceu o goberno de España.

A España oficial de José I tentaba comezar o reinado e o reformismo que traía consigo en medio dunha guerra porque hai unha España real que non o recoñece como rei ao francés e vai defender o regreso dos Borbóns. Os españois que defendían a Xosé Bonaparte recibiron o nome de afrancesados e desexaban que os Bonaparte impulsaran as reformas que xa probaran con éxito en España. Sentíanse atraídos por esa mestura de ideas revolucionarias e conservadoras que acabarían co Antigo Réxime, pero sen os excesos revolucionarios dos xacobinos. Os que defendían o regreso de Fernando VII reunían a absolutistas, pero tamén a liberais que ven situación como propicia para impulsar unha revolución política.

A superioridade militar tanto en homes como en armas por parte dos franceses obrigou aos españois a realizar unha guerra de guerrillas axudados por algúns oficiais do exército español e Inglaterra. A nobreza e o clero temerosos de perder os seus privilexios puxéronse á fronte da poboación civil rebelde. Os éxitos iniciais como o de Bailén obrigaron á intervención do propio Napoleón que chegou coa Grand Armée, tropas de élite que pacificaron definitivamente o territorio.

A ambición de Napoleón levoulle a ocupar Rusia o que se revelaría como o seu segundo grande erro despois da ocupación da Península Ibérica. O traslado dun nutrido exército cara Rusia dixou desguarnecida a península, ocasión que será aproveitada por Inglaterra quen impulsará unha

contraofensiva dende Portugal apoiada polas guerrillas e os restos do exército español. As derrotas de Ciudad Rodrigo, Arapiles Vitoria e San Marcial obrigaron ao franceses a ir repregándose cara a fronteira.

Para ganar en coordinación, en setembro de 1808 aparecería a Xunta Suprema Central que sería a encargada de representar o baleiro de poder que ao seu xuízo existía en España, toda vez que se denuncia a falta de lexitimidade do rei francés. Esta Xunta nomeará en xaneiro de 1810 un Consello de Rexencia. Este Consello convocará unhas eleccións a Cortes Extraordinarias para crear unha nova lexitimidade toda vez que España estaba sen monarca. A maioría dos nobres e eclesiásticos trataban de restablecer o sistema político tradicional, pero os liberais eran conscientes da oportunidade presentada para unha transformación política que restrinxira o poder real e establecera una Constitución baseada na soberanía da nación e separación de poderes. Os liberais lograron convencer aos absolutistas da necesidade de convocalas. Esas eleccións tiveron lugar no contexto de guerra polo que asistir ás reunións para redactar unha constitución en Cádiz (único sitio non ocupado polos franceses e defendido pola armada británica) era algo complicado o que explica o protagonismo dos liberais nas discusións da constitución xa que os non asistentes eran substituídos por gaditanos (Cádiz era unha cidade con moito peso mercantil e cunha nutrida burguesía liberal). Estas Cortes reuníronse en Cádiz o 24 de setembro de 1810 e remataron os seus traballos en marzo de 1812.

O terceiro documento fai unha valoración do significado que tivo a Guerra de Independencia. O autor, un liberal, comenta que a guerra non só foi un conflito de liberación nacional que estimula o sentimento patriótico, senón que tamén foi unha guerra ideolóxica entre o absolutismo e o liberalismo. As motivacións non eran as mesmas. Fronte ao inmovilismo das clases privilexiadas, que lideran a rebelión contra Xosé I pola ameaza aos seus privilexios das reformas impulsadas polo rei francés, está a tendencia ilustrada máis revolucionaria que defenderá a ocasión como unha oportunidade de mudar o sistema e acabar co Antigo Réxime, pero que tamén entende a presenza francesa como unha usurpación da soberanía ao pobo español.

O acontecido nas Cortes de Cádiz expresa con claridade ese enfrontamento entre absolutistas e liberais que marcará as dúas décadas seguintes.

En 1813, polo Tratado de Valencay, Napoléon renuncia e devolve o trono español a Fernando VII quen reinaría ata a súa morte en 1833. O seu regreso significou a volta aos principios do Antigo Réxime e o absolutismo monárquico e a derogación da obra lexislativa das Cortes de Cádiz.

En conclusión, a guerra marcará un antes e un despois no devir da política española. Determina un inicio traumático de século que a súa vez significará o principio do fin do Antigo Réxime e as dificultades de implantación do réxime liberal. Esta guerra significará tamén o principio do fin do imperio napoleónico porque espertará o sentimento nacional e o exemplo español será seguido por outras nacións en Europa, reactivando as coalicións contra o emperador francés. A súa vez marca o inicio da nación española que será recoñecida pola constitución de 1812, un exemplo de lei fundamental de tipo liberal.